

## Carlos Negro: *Makinaria*. Guía de lectura

### 1. Presentación

**Carlos Negro: *Makinaria*. Guía de lectura** é un libro LIM dirixido ao alumnado de 2º, 3º, 4º de ESO ou Diversificación Curricular. Relaciónase de xeito máis directo coa materia de Lingua e literatura galega, pero tamén se podería empregar como material interdisciplinar para traballar a lectura ou nas titorías. Preséntase en dúas versións, unha longa (40 actividades) e outra reducida (30 actividades).

### 2. Obxectivos

- Fomentar o gusto pola lectura como fonte de enriquecemento e pracer persoais.
- Desmontar tópicos sobre visións reducionistas da poesía.
- Propiciar a reflexión sobre as consecuencias da inconsciencia da mocidade en relación á condución irresponsable.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado.

### 3. Competencias básicas

Este material relaciónase coas seguintes competencias básicas:

- **Competencia en comunicación lingüística:** adquisición de destrezas para a comprensión da linguaxe, en especial da linguaxe poética.
- **Competencia social e cidadá:** comprensión crítica da realidade e reflexión sobre condutas irresponsables e as súas consecuencias, tanto na propia vida coma na dos demais.
- **Competencia para aprender a aprender:** perfeccionamento das estratexias para realizar lecturas máis comprensivas e reflexivas.
- **Competencia cultural e artística:** coñecemento e valoración da diversidade cultural en distintas etapas históricas e nas súas diferentes manifestacións e interrelacións.
- **Competencia no tratamento da información dixital:** emprego de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención e transformación da información.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** establecemento de ideas e criterios propios a partir da lectura crítica da información; intervención en situacións de debate; exposición reflexiva das propias ideas e respecto polas dos demais; mellora na capacidade para tomar decisións.

### 4. Aplicación na aula

As actividades están deseñadas para ser realizadas despois da lectura do poemario, pero é necesario ter á man un exemplar do libro. Combinan o traballo individual co de grupo. Primeiro abórdanse cuestións máis externas e logo séguese a orde temática do libro, claramente estruturado nas tres partes clásicas de presentación, desenvolvemento e desenlace; finalmente fornécese información sobre o autor. Despois de cada bloque de contido figura unha actividade específica de investigación e/ou reflexión e debate ("Stop, pensamos").

Para facilitar o seu manexo, organízanse en catro bloques:

1. **Posta a punto:** analiza a portada, a contraportada e a cita inicial.
2. **De ruta:** a estrutura, os temas, os protagonistas ("Roedores do caucho") e as tres unidades temáticas que se corresponderían co desenvolvemento da "historia": "Need for speed", "Sound Play Session" e "Radical fire".
3. **Destino final:** o desenlace ("061" e "Game Over")
4. **O autor:** información sobre aspectos biobibliográficos, sobre *Makinaria* e enderezo de contacto.

O número de sesións necesarias para o seu desenvolvemento variará moito en función da duración das actividades "Stop, pensamos". Tamén cómpre ter en conta que é posible seleccionar as actividades en función das características de cada grupo.

Para avaliarmos o traballo, ademais das anotacións que efectuemos durante todo o proceso, nas actividades de resposta pechada vainos ser útil acudir á pantalla de información (na marxe superior dereita) para realizar un seguimento dos resultados de cada alumna ou alumno.

En canto aos requisitos técnicos, será imprescindible contar con ordenadores con son. Naquelas páxinas que leven audio ou vídeo dispoñemos dun botón que nos permite activalo ou desactivalo. Cómpre ter en conta así mesmo que, cando as actividades son de resposta pechada, hai que comprobar sempre as respostas no símbolo de chequeo. En xeral, pódese traballar en modo pantalla completa premendo no símbolo correspondente (marxe superior dereita), excepto cando haxa que escribir, posto que flash non admite esta opción.

## 5. Recursos utilizados

Todos os materiais empregados nesta guía teñen unha finalidade estritamente didáctica. Con todo, se alguén considera que se vulnera algún dos seus dereitos que se poña en contacto coa autora para proceder a retiralo no enderezo [rosasalgueiro@edu.xunta.es](mailto:rosasalgueiro@edu.xunta.es).

Os materiais utilizados que non son de elaboración propia foron extraídos das seguintes fontes:

-Os poemas lidos por Carlos Negro están extraídos do vídeo de You Tube do Club de lectura "A árbore vermella" do IES Taboada Chivite de Verín.

- Os vídeos "Born to run" e "Thunder Road" de Bruce Springsteen e "Písale" de Barricada foron localizados en You Tube.

-Os titulares das noticias pertencen aos xornais *Galicia hoxe* e *Faro de Vigo*.

-As noticias e datos sobre accidentes están extraídos do xornal *El país* e da web da Dirección Xeral de Tráfico.

-Os vídeos das actividades 18 e 37 son de campañas da DXT localizados en You Tube.

-Na actividade 42 emprégase a canción "Maria caipirinha" de Carlinhos Braun e na 46 un fragmento de "A nossa história" de Ugia Pedreira con Matraka perversa.

-O texto sobre *Makinaria* da actividade 45 foi escrito polo autor para o alumnado do Club de Lectura Cambaleón do IES Marco do Camballón.

-O enderezo de contacto foi facilitado tamén polo propio autor.